

R.R. do 23 de xaneiro de 2024 pola que se publica a listaxe definitiva de obradoiros concedidos na Convocatoria de axudas para a organización de obradoiros no segundo cuadrimestre do curso 2023/24 no Campus de Ourense

De acordo coa base 8.5 da Resolución Reitoral do 28 de novembro de 2023, pola que se convocan axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso académico 2023/2024, e transcorrido o prazo previsto para a presentación de alegacións á Resolución Reitoral do 15 de xaneiro de 2023, pola que se publica a listaxe provisoria de obradoiros concedidos na dita convocatoria,

Esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e ordear a publicación da listaxe definitiva de obradoiros concedidos na Convocatoria de axudas para a organización de obradoiros no segundo cuadrimestre do curso 2023/24, no Campus de Ourense (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor

P.D. (R.R. do 31/10/2023 (D.O.G. do 10 de novembro)

O vicerreitor do Campus de Ourense

(asinado electrónicamente)

Francisco Javier Rodríguez Rajo



Anexo I- Listaxe definitiva de obradoiros concedidos

Solicitante	Título obradoiro
Francisco Xabier Aguiar Fernández	Metodoloxía socioafectiva para a intervención social
Almudena Alonso Ferreiro	Intervencións Asistidas con cans/cadelas
Noelia Flórez Fernández	Auga, antioxidantes e saúde
María Lameiras Fernández	Uso sexualizado de drogas (chemsex): Intervención no ámbito educativo e sociosanitario
Stuart McNicholls	Mindfulness no día a día
José Ramón Salgueiro Piñeiro	Introdución á observación astronómica
María José Vázquez Figueiredo	Non violencia: do pensamento á acción

